

Mércores, 24 de xaneiro de 2024

Núm. 17

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****PONTECESURES****Convocatorias Xuíz de Paz***CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO CARGO DE XUÍZ DE PAZ TITULAR  
E SUBSTITUTO DESTE MUNICIPIO**Expediente núm.: 23/2024*

Providencia de Alcaldía

*Procedemento:* Procedemento para a elección de Xuíz/a de Paz Titular e Substituto/a*Data de iniciación:* 09/01/2024*ANUNCIO**CONVOCATORIA PÚBLICA PARA ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO/A  
DE PONTECESURES*

En cumprimento do disposto no artigo 101 e concordantes da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, anúnciase convocatoria pública para a provisión do cargo de Xuíz de Paz titular deste municipio, de conformidade coas seguintes bases:

1. **OBXECTO:** Elixir XUÍZ/A DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO/A do Concello de Pontecesures por un período de 4 anos.

2. **REQUISITOS DOS ASPIRANTES:** Para poder participar na elección requírese ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidades sinaladas nos artigos 303 e 389 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

3. **PRAZO DE SOLICITUDES:** 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no BOP.

4. **DOCUMENTACIÓN:** Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Certificado de antecedentes penais.
- Certificado médico de non padecer enfermidade que lle incapacite para o exercicio de cargo de Xuíz de Paz.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade.
- Xustificación dos méritos que alegue o/a solicitante.



Mércores, 24 de xaneiro de 2024

Núm. 17

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Que en caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

En Pontecesures, a 11 de xaneiro de 2024.

A ALCALDESA, M.<sup>a</sup> Teresa Tocino Barreiro.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

